

FILOSOFÍA PRÁCTICA II: A POLÍTICA

1. DIFERENCIAS ENTRE PODER E AUTORIDADE

Poder é a **capacidade para influir sobre a conduta dos outros**. O poder **pode ser lexítimo ou ilexítimo**. No caso dunha coacción por ameazas, caoso laboral ou casos polo estilo, o que hai é un poder ilexítimo. Pero que sucede no caso do poder dunha autoridade? Será un poder **lexítimo cando se exerza por mandato da sociedade, por un fin necesario e cos medios lícitos** que non supoñan falta de respecto polos dereitos humano, xa que no caso de abuso de poder, a autoridade se exercería de forma ilexítima.

2. CLASIFICACIÓN DE MAX WEBER SOBRE OS TIPOS DE LEXITIMACIÓN DO PODER DA AUTORIDADE

Segundo Max Weber, hai tres modos de lexitimar o poder da autoridade:

- a) **A lexitimación tradicional:** baseada na tradición e a costume e inclúe as crenzas de tipo relixioso, por exemplo, na monarquía absoluta do s. XVII o rei exercía o seu poder “pola graza de Deus”. Ou cos faraóns do antigo Exipto, aos que se consideraban descendentes directos dos deuses.
- b) **A lexitimación carismática:** baseada no carisma ou conxunto de calidades que fan a alguen un bo líder ao que poder seguir baixo o seu mandato, pola súa intelixencia, eficacia, etc. O problema é que ninguén sabe todo en política e por tanto, pode ser un erro seguir cegamente a un líder (Hitler en Alemaña, Stalin na URSS, ou Mussolini en Italia)
- c) **A lexitimación legal-racional e democrática:** so neste tipo de lexitimación o gobernante exerce a súa autoridade respectando a lei na que se recoñecen os dereitos e deberes dos cidadáns. Eses gobernantes son elixidos polos cidadáns de forma democrática e teñen que responder da súa xestión diante deles. Este é un sistema de lexitimación das democracias maduras nas que os cidadáns deben estar formados politicamente e conservar o seu sentido crítico para non ser facilmente manipulados. Se o gobernante non fai ben a súa xestión, na seguinte votación non será elixido. Este é o sistema que Weber prefere por ofrecer máis garantías fronte ao abuso de poder por parte dos gobernantes.

3. CARACTERÍSTICAS DAS DEMOCRACIAS E DIFERENZAS FRONTE OUTROS REXÍMENES POLÍTICOS

As democracias teñen as seguintes características:

- Existen eleccións periódicas por sufraxio universal con voto libre e secreto.
- División e independencia entre os tres poderes do estado: executivo, lexislativo e xudicial.
- Pluralidade de partidos e de medios de comunicación sen censura.
- Respecto polos dereitos e liberdades dos cidadáns recoñecidos na Constitución: liberdade de expresión, de pensamento, de asociación con fins pacíficos, de prensa, etc.

- Igualdade de todos os cidadáns fronte a lei.
- A soberanía está no pobo porque é quen ten o poder de dicidir na política por medio dos seus representantes eleixidos, ou directamente (como sucede nun referéndum).

Polo contrario nunha dictadura ou totalitarismo, todo o poder está concentrado nun líder e o seu partido. Os demais partidos considéranse ilegais. Non hai liberdade de prensa, senón censura. Os dereitos e liberdades dos cidadáns non se recoñecen. Os cidadáns están indefensos fronte ao abuso do poder por parte do Estado.

A dictadura xurdiu na antiga Roma. Nos casos moi graves por unha ameaza do exterior (como as invasións bárbaras) ou desordes civís no interior, que pudieran levar a unha guerra civil, o Senado encargaba ao “dictador” que solucionara a crise ao longo de dous anos seguidos, otorgándolle plenos poderes para iso. Unha vez arronxado o problema, o dictador debía devolver o seu poder ao Senado e ao pobo romano. O problema é que habitualmente, unha vez que se ten tanto poder son poucos os que o devolven.

Outro sistema político non democrático, é o totalitarismo, un réxime que da ao Estado un valor absoluto. Esa expresión foi usada por Mussolini no Fascismo. O estado é o todo e por iso o estado pode exercer o seu dominio en todos os aspectos da vida do cidadán. Exerce un control total sobre os medios de comunicación, a educación e a cultura. O estado conta cun eficaz aparello represivo, policía secreta, para impoñerse polo terror e a propaganda oficial e a censura. Non se respetan os dereitos ou as liberdades individuais. Hai un partido único, disciplinado e centralizado que non admite ningunha oposición, unha ideoloxía única coa pretensión de crear unha sociedade perfecta e de exportar o sistema ao resto dos países pola forza. Ao fronte de todo hai un líder carismático ao que ríndeselle culto con manifestacións populares continuas de adhesión. O líder é o único que manda a política a seguir. Ninguén pode opoñerse.

Outro tipo de sistema non democrático é o **Fundamentalismo** ou **integrismo relixioso**, onde o líder político é á vez o líder espiritual que pretende salvar as almas dos cidadáns, para o cal legisla sobre todos os aspectos da vida, incluíndo os privados, como poder ou non escoitar música, se as mulleres poden estudar ou conducir; como levar o pelo, a roupa, as relacións sociais, etc. Na actualidade temos o exemplo do integrismo relixioso practicado polo Estado Islámico como en Irán ou en Afganistán. Na súa lei Sharía, está previsto cousas como azotar aos que infrinxan a súa lei ou a morte por lapidación. Non se respetan os dereitos humanos e pretenden ter a única verdade, e o igual que os totalitarismos, pretenden exportar o seu modo de vida ao resto do mundo.

O que todos istos sistemas teñen en común é a falta de recoñecemento polos dereitos e liberdades individuais. Na democracia, en cambio, eses dereitos e liberdades defendesen coa lei, por iso se di que a democracia é o menos malo de todos os sistemas.

4. OS PROBLEMAS DA DEMOCRACIA ACTUAL

Ainda que a democracia sexa o sistema menos malo, non por elo é perfecto e tamén poderíamos analizar algúns dos seus problemas no mundo actual:

1º. O abstencionismo nas votacións por parte dos cidadáns. As veces, mostran un desinterese pola política debido a falta de formación política, que os leva a non decatarse de que os asuntos políticos son da incumbencia de todos, dado que as decisións adoptadas polos gobernos afectan a todos. Pero outras veces, débese a mala opinión que se ten dos políticos, por incumprir os seus programas e promesas electorais ou pola corrupción.

2º. A corrupción xeneralizada en tódolos partidos políticos, cando os que están no poder, adócanse a roubar dos fondos públicos para enriquecerse eles mesmos, en vez de solucionar os problemas da sociedade, función para a que foron elixidos. Pero esta realidade de algúns políticos leva a que xeneralicemos a toda a clase política. Moitas veces esa propensión a considerar a todos os políticos como corruptos é aproveitada na loita polo poder que entre os diferentes partidos existe para desacreditarse con acusación que poden ser ata falsas ou sesgos da realidade. O resultado final é que a opinión pública remata por desconfiar de todos.

3º. Outros critican o modelo de democracia, e refírense a ela como “partitocracia” xa que consideran que o poder está en mans dos partidos. Nas polis gregas existía a democracia directa, pero nos Estados actuais é moi difícil por non dicir imposible. O modelo de participación política do cidadán é a través dos representantes políticos elixidos, o que coñecemos como democracia indirecta. Pero ademais eses representantes son propostos en listas pechadas polos diferentes partidos políticos. Poderíamos preguntarnos se o que defenden a veces os partidos é o seu propio interese ou o da nación. En ocasións os partidos fan pactos secretos entre eles a costas dos cidadáns que os votaron.

4º. A lei D’Hondt en España, para distribuír os escanos a partir do recuento dos votos, levou a primar aos dous primeiros partidos tentando de impedir unha excesiva atomización no Congreso dos Diputados que leve a tal enfrontamento, que imposibilite a toma de decisión. Pero a cambio, aos demais partidos custalles moito máis conseguir un escano. Ao tempo, que para tentar que os partidos nacionalistas non queden sen voz no Congreso (xa que soamente opteñen votos das súas CC.AA.) con menos votos eses partidos logran acadar representación e escanos.

5º. A violencia, o dogmatismo, a intolerancia dos que se cren en posesión da verdade na política fan imposible a democracia. As veces, por medio do terrorismo, a violencia ou a falta de diálogo. Iso atenta contra as liberdades dos demais.

6º. Os populismos e a demagogia: hai partidos que xorden do descontento das masas e diríxense a elas con fórmulas máxicas para solucionar todos os problemas. A demagogia é unha dexeneración da democracia que consiste en dirixirse aos sentimentos e emocións do pobo en vez da súa razón.

7º. A desinformación dos medios de comunicación cando non contrastan ben as noticias e difunden medias verdades ou mentiras interesadas, como as “fake news”. Se a opinión dos cidadáns fórmase pola información deses medios, todo isto leva á manipulación ideolóxica, posto que os medios de comunicación son partidistas e non neutrais. De xeito que o cidadán en Democracia debe estar alerta e ser moi crítico. A falta de tempo para contrastar con varios medios non favorece a reflexión.

5. TEORÍAS SOBRE A ORIXE DA SOCIEDADE E O ESTADO

A) A POSICIÓN NATURALISTA DE ARISTÓTELES

Dado que o ser humano é un animal político por natureza, xa que soamente a polis posibilita o pleno desenvolvemento do mesmo, entón a polis será máis importante que cada individuo por separado, ao igual que calquer organismo natural, como o caso dun corpo, este é máis impotente que as partes que o componen. Fronte o que dixeran os sofistas, a polis segundo Aristóteles é algo natural e non soamente froito dun acordo. A polis xorde para dar máis seguridade ao cidadán. Nin a familia nin a aldea son autosuficientes como a polis. Esta é a asociación humana que mellor permite a colaboración e axuda mutua.

Ainda que existen outros animais sociais ou gregarios, como as abellas, o ser humano é o máis sociable de todos e proba delo é a súa capacidade para a linguaxe. Os seres humanos poden decidir sobre o que é xusto ou inxusto, e facer as leis para rexir a súa convivencia en paz. A política desenvolveuse grazas á participación de todos. O bo cidadán debe ter a virtude da xustiza, xa que tan só esta virtude asegura a boa convivencia dentro da comunidade (polis).

En Aristóteles, ética e política sempre van unidas porque o ben supremo humano depende do perfeccionamento do máis específico da nosa natureza que é a razón. Soamente as bestas ou os deuses poden vivir en soidade. O ideotés (palabra da que ven idiota, e que significa o que soamente participa dos seus intereses privados sen importarlle o público) equivócase. Por medio do diálogo cos demais é como podemos realizarnos plenamente como humanos.

B) OS TEÓRICOS DO CONTRATOS SOCIAL

A teoría do contrato social xorde na modernidade para poder lexitimar o poder político. Basease nun pacto ou contrato entre os individuos polo que abandónase o estado natural para poder formar parte da sociedade civil. Segundo esta teoría, a sociedade resulta ser unha asociación artificial entre individuos illados que establecece por medio dun pacto entre eles, para solucionar algún problema do estado natural (como a seguridade ou a subsistencia) de forma que o ben común quedaba asegurado, aínda a costa de perder a liberdade do estado natural previo ao contrato; pero gañando a liberdade civil do cidadán, pois grazas á autoridade e a lei, podían ser salvagardados os dereitos de todos e non soamente os dos máis fortes ou poderosos.

A hipótese do contrato social (ou contractualista en castelán) era só unha hipótese imaxinativa que non pretendeu nunca describir historicamente os feitos tal e como puideron suceder realmente, senón tan só explicar e lexitimar o poder dos gobernantes, preguntándose que podería suceder se non existirán as autoridades nin a lei na sociedade humana.

Dependendo da visión sobre o ser humano no estado natural que teña cada pensador, e do tipo de problema que se teña que solucionar por medio dese pacto, lexitimábase un estado diferente, como ímos ver en Hobbes, Locke ou Rousseau, que defenderán a monarquía absoluta, o estado liberal e democrático e o estado socia e democrático, respectivamente.

1.1. OS CLÁSICOS: HOBBS, LOCKE E ROUSSEAU

THOMAS HOBBS (1588/1679)

Este autor do empirismo británico, afirmou na súa obra *Leviatán*, que o home é un lobo para o home. Un ser por natureza egoísta e violento. Todos buscan os mesmos bens: riqueza, poder, honra, etc. por iso loitan entre si, e se non houbera ese pacto, sería a guerra total de todos contra todos. A vida sería desagradable, curta e cruenta para todos, porque ninguén estaría a salvo; nin sequera os máis fortes poderían baixar nunca a garda.

Aínda que fosen libres, no estado natural non habería máis dereito que o da forza bruta ou a astucia, pero a violencia impediría desenvolver unha vida humana. Por iso, como ademais de ser rasgos da natureza humana, a violencia e o egoísmo, tamén o é a racionalidade, vendo que así non vale a pena vivir, pola seguridade de todos, decidiron pactar dando todo o poder a un só home, o rei, para que poña orden a sociedade, renunciando xa á posibilidade da venganza persoal, e someténdose á lei e á autoridade. Só o rei pode sometelos a todos polo temor. Dese xeito Hobbes termina xustificando a monarquía absoluta, que era a forma de estado na súa época (século XVII).

A teoría de Hobbes foi o primeiro intento de unha teoría da xustificación racional do poder da autoridade, xa que antes dela soamente existía a explicación do orixe diviño do poder real: o rei era rei pola Graza de Deus. Cada dinastía, era supostamente elixida por Deus para dirixir o destino das nación e para mandar sobre o pobo. Por iso o rei era o soberano, o único que tiña poder de decisión política, e o seu poder era irrevocable.

JOHN LOCKE (1632/1704)

Este autor tamén pertence ao empirismo británico, e afirmou que o ser humano en estado natural é xa un ser que ten uns dereitos naturais como a defensa da vida, da liberdade e das súas propiedades. Teñe todos eses dereitos por natureza. Pero o problema no estado natural é como aseguralos sen unha autoridade que vele polos dereitos de todos. Esta é a razón do pacto social. Este autor defende a existencia dun dereito natural baseado na razón, previo ao pacto. Polo tanto, neste caso, o pacto non supón unha ruptura co estado natural, como en Hobbes, senón o seu perfeccionamento.

Se o pacto realízase para garantir mellor eses dereitos naturais, para protexelos mellor, a vida, a liberdade e a propiedade privada de cada un, polo pacto os seres humanos non renuncian a os seus dereitos naturais en favor do rei; soamente cedenlle o poder de castigar aos malfecedores, a capacidade de facer leis e de coidar do ben común. Pero os cidadáns sempre poderán revocar ao gobernante que non sepa ou non poida cumprir ben coa función encomendada.

Ademais, Locke foi un dos primeiros que propuxo a separación de poderes (en poder lexislativo, executivo e federativo. Será Montesquieu que fale de lexislativo, executivo e xudicial) para impedir o abuso do poder, o que soe suceder cando se concentran nunha soa persoa, como era o caso do rei absolutista. Ao poder lexislativo tería que someterse ata o propio rei. Locke comezou a dar os pasos necesarios cara a fundamentación do liberalismo político. Afirmou que era necesario defender as liberdades de conciencia, pensamento e de

expresión dos cidadáns, tamén falou de tolerancia tanto política como relixiosa na súa obra *Cartas sobre a tolerancia* e defendeu que o estado fose laico.

JEAN-JACQUES ROUSSEAU (1712/1778)

Aínda que este autor viviu na época da Ilustración do s. XVIII, foi sen embargo xa un precursor do Romanticismo. Afirmaba que o ser humano é bo por natureza, pero a sociedade o corrompe. Sostén o mito do bo salvaxe. Os seres humanos nacen libres e iguais entre si; en estado natural, o ser humano é bo, pacífico e algo solitario. Isto é así antes que se desenvolvan as sociedades e o estado co seu poder político, e xordan a propiedade privada e a dominación de uns sobre outros.

A desigualdade, a envidia, a codicia, a ambición, a rivalidade e a hipocresía só xorden por vivir en sociedade. Nun primer momentos, os individuos uníronse entre si para asegurar mellor a subsistencia fronte a unha natureza hostil, pero á larga, a sociedade corrompeu ao individuo. No estado natural non había propiedade privada, todo era de todos e a bondade natural baseabase nos sentimentos. Na vida natural as calidades do valor, a forza e a nobreza son as virtudes do bo salvaxe. En cambio, a sociedade fixo do individuo un ser vil e rencoroso. A civilización, a ciencia e a cultura transformárono nun ser débil e o perventiron. En 1750 a Academia Francesa propuxo un concurso no que preguntabase se as Artes e as Ciencias contribuíran a mellorar ao home. Rousseau contestou que non. O demais intelectuais ilustrados creadores da Enciclopedia (como Diderot ou Voltaire) entrentáronse con Rousseau e o acusaron de querer devolver ao ser humano ao estado animal.

No seu discurso *Sobre a orixe da desigualdade entre os homes* describe a destrución do estado natural coa aparición da propiedade privada: “o primer individuo ao que, tras cercar un terreo, ocurriuselle dicir *isto é meu*, e atopou a xente o bastante simple como para facerlle caso foi o verdadeiro fundador da sociedade”. Ao ser unha situación irreversible, o único que pódese facer é unha reforma da sociedade por medio dun novo pacto que poda garantir os dereitos de tódolos cidadáns, e de iso trata a súa obra O Contrato Social. Por ese novo pacto, cada membro deixará os seus dereitos en mans da comunidade. Cada individuo deixará de pensar no seu interese particular para comezar a pensar no ben xeral e común.

Nesta obra fai a súa proposta de atopar unha sociedade xusta (unha especie de utopía) onde fundamentar o estado democrático. Tras o novo contrato, o verdadeiro soberano sería o pobo, non o rei. Os gobernantes non serían os amos do pobo, senón os seus servidores. O pobo podería nombralos ou depoñelos cando quixera. Os gobernantes só se encargarían de executar a lei, pero esta sería a expresión escrita da vontade xeral.

A vontade xeral é a vontade do ben común. Non é a simple suma das vontades particulares que responden a intereses egoístas de diferentes grupos de presión; senón a vontade do ben colectivo. Se se fixera eses novo pacto, a sociedade podería defender coa forza común, a cada persoa e os seus bens, pero todos obrigáranse a cumprir a lei e seguirían sendo libres, porque as leis estaría feita de forma asamblearia (democracia directa) sendo esta lei a expresión escrita do ben común, polo que ao obedecer a lei, todos estarían obedecendo a sí mesmos. De ahí que a vontade autónoma uniríase a vontade xeral.

Deste xeito aínda que renunciaran a todos os seus dereitos naturais en favor da comunidade, ao perder a liberdade natural gañarán a liberdade civil, que é superior. Darse un mesmo a lei, é autonomía, é a liberdade verdadeira. Os asuntos común resolveríanse en asamblea xeral na que sempre estarían presentes todos os cidadáns e poderían expresar libremente e en igualdade, sen necesidade de representantes. Rousseau defende a democracia directa pero para elo a comunidade debería contar cun número moi inferior de cidadáns ao dos estados actuais.

C) FUNDAMENTACIÓN POLÍTICA CONTEMPORÁNEA

Hai dúas tendencias principais:

- a) O neocontractualismo actual: Jonh Rawls (con influencias de Rousseau e da ética utilitarista) e Robert Nozick (con influencias de Locke)
- b) O modelo liberal radical de Friedrich Hayek

O NEOCONTRACTUALISMO ACTUAL

JOHN RAWLS (1921-2002): TEORÍA DA XUSTIZA (1971)

Nesa obra este autor propón reelaborar a teoría contractualista da sociedade, co fin de dar unha solución ao enfrentamento que plantexa entre liberdade e igualdade nas sociedades modernas democráticas. Afirmar que nunha comunidade ideal de diálogo de seres racionais, que non souperan que lugar ían a ocupar na sociedade (hipótese coñecida como velo da ignorancia), poderíanse descubrir os principios da xustiza imparcial na que todos coindirían, polo que se chegaría a unha vontade xeral, que podería fixarse en forma dunha lei xusta. Eses principios serían:

- O maior número posible de liberdades compatibles para todos.
- Igualdade de oportunidades de acceso a todos os cargos públicos e profesiones.
- Seguridade social e económica para os membros menos aventaxados da sociedade (enfermos, minusválidos, nenos, ancianos, parados, etc.)

Para Rawls, a sociedade debe ser unha empresa cooperativa encamiñada ao beneficio mutuo que intente conseguir o maior benestar para todos. (aquí vese a influencia do Utilitarismo ético). Non concibe a sociedade como unha empresa competitiva na que cada un tente sacar o máximo beneficio que poda. Por elo, cre que é misión do estado a redistribución económica da riqueza da sociedade, por medio dun reparto xusto de impostos, becas, axudas, etc. En definitiva, un estado do benestar que faga compatibles a liberdade e a igualdade social; o mérito persoal e a igualdade de oportunidades, como condicións da xustiza social.

ROBERT NOZICK (1938-2002): ANARQUÍA, ESTADO E UTOPIÁ (1974)

Nesta obra o autor propón un estado mínimo que se ocupe só da seguridade e non da redistribución da riqueza económica porque “o estado mínimo é o estado máis extenso que se pode xustificar; calquer outro estado maior viola os dereitos de todos”. Nozick critica o modelo do estado do benestar. Os individuos teñen dereito a vida e a propiedade privada. Como xa dixo Locke, o estado ten que protexer eses dereitos esenciais. Só debe intervir para solucionar

os conflitos entre os dereitos dos particulares. Defensa, policía e xustiza son as únicas funcións lexítimas do estado. Nossos impostos só deben adicarse a iso. “Non é función do estado coidar dos pobres ou procurar unha igualdade social no económico”. A única igualdade que hai que procurar é a igualdade ante a lei. Son os individuos os que co seu propio esforzo teñen que intentar prosperar economicamente. O estado non debe intervenir na economía dos individuos, nin imponer impostos abusivos. Iso sería abuso de poder que iría en contra da liberdade dos individuos. Para Nozick, os impostos son un roubo, que fai dos cidadáns escravos do estado, ao obrigalos a traballar gratis para o estado, pro medio dos impostos.

O MODELO LIBERAL RADICAL DE HAYEK

Este autor está máis de acordo con Nozick que con Rawls ao defender un capitalismo competitivo, pero non cre que a sociedade sexa o produto de ningún pacto social. Polo contrario, opina que a sociedade evolucionou espontaneamente conforme aos principios do darwinismo social no que só deben sobrevivir os máis traballadores, os máis intelixentes e os máis eficaces. Por iso, ese orde é xusto. A libre competencia polo éxito social e económico, a liberdade e o dereito á propiedade privada é o que fai progresar a unha sociedade no seu conxunto. O estado non debe intervenir na redistribución da riqueza.

A xustiza non é máis que igualdade ante a lei e percibir un salario adecuado ao traballo realizado. “O igualitarismo é un ideal baseado na envexa” chegou a afirmar. A sociedade non é o resultado dun acordo entre os individuos. É unha empresa competitiva na que cada un intenta sacar o máximo beneficio particular nos seus negocios cos demais. O mérito persoal é a base do enriquecemento lexítimo e non a “caridade do estado”, los subsidios, becas, etc.

Este modelo liberal radical baséase nunha forma absoluta de individualismo que representa o máis extremo da idea moderna de sociedade como agregado de individuos e que é o máis oposto a idea aristotélica da sociedade como comunidade natural na que o ser humano podía chegar a ser feliz, nun continuo diálogo cos demais.

6. UTOPIÁS E DISTOPÍAS

As utopías son un xénero literario que despois de criticar a propia sociedade, o autor propón unha sociedade perfecta e xusta na que todos poderíamos ser felices. Etimoloxicamente, “utopía” significa “en ningún lugar”. Este xénero recibe o nome da obra de **Tomás Moro** *Utopía* que era unha illa imaxinaria onde o autor localizaba esa sociedade perfecta. Hoxe en día dicimos que unha utopía é todo proxecto irrealizable, por moi desexable que sexa. Aínda que Moro foi o primeiro en usar o termo, non foi o primeiro en describir unha sociedade utópica. Xa no s. IV a.C. Platón escribiu no seu diálogo da República como tiña que ser a polis – Estado perfecta, dicindo como tiña que estar organizada a sociedade para que fose xusta.

As características e funcións destas obras sobre sociedades utópicas son:

- Soen estar escritas en forma de diálogo para facilitar a discusión entre ideas.
- Son un produto tanto da imaxinación como da razón porque ven máis aló da propia realidade social, pero non se adican a fantasear soamente; o autor si cre no seu proxecto e iso exige que se atinxa aos límites do posible, ser realista e coherente.

- As utopías xorden da insatisfacción ante a propia sociedade e do desexo de resolver as inxustizas e de liberar ao ser humano.
- Pretenden dar solución aos problemas reais.
- Manifestan un gran coñecemento da propia sociedade á que critican.
- A utopía ten un carácter idealista pero tamén revolucionario, xa que propoñen unha sociedade mellor á que pódese chegar sen cambios paulatinos, senón dunha vez, como nas revolucións.
- Dado que esta sociedade perfecta que se describe, nunca existiu, non hai modo de contrastar coa realidade, polo que plantéxase como unha pura especulación teórica.

As **críticas** que reciben as utopías son:

- Acúsase aos autores das utopías de substituír a acción real pola mera especulación do pensamento, e así non se transforma realmente o mundo.
- De dogmatismo porque nas súas obras aínda que explican como debería ser a sociedade non hai xeito de demostrar que iso é verdade.
- Outra crítica é acusar ao pensamento utópico de enxendrar violencia. De aí xurden as distopías, que son unha crítica das utopías.

Algúns exemplos de obras utópicas son: **A República** de Platón, **Utopía** de Tomás Moro, **A Cidade do sol** de Campanella ou **Walden 2** de Skinner.

As distopías, pola contra, describen unha sociedade futura herdera directa do mundo actual, cun alto grao de desenvolvemento científico e tecnolóxico, no que lévanse ata as últimas consecuencias, algunhas características negativas do mundo actual. Hai unha sociedade con un control absoluto da información e dos individuos sen ningunha liberdade de pensamento ni de acción na que coa excusa de facer unha sociedade perfecta e feliz, rematouse por anular a liberdade, e os individuos xa non son auténticos seres humanos. O estado o controla todo, imponse polo terror. Hai medo, manipulación ideolóxica polo engano, a terxiversación do pasado histórico e a propaganda. Sempre soe haber algúns que opoñense ao estado, que son os únicos que parecen humanos de verdade. En moitas delas o que hai é unha crítica da realización das utopías nos rexímenes totalitarios do s. XX. Por iso, este xénero é recente, ao contrario que as utopías.

A función que cumpren é a de avisarnos do que pode ocorrer se non poñemos remedio, o autor o que pretende é previrnos para evitar a sociedade que describe. (Ao contrario que nas utopías).

Exemplos de obras distópicas son: **1984** e **Rebelión na granxa** de George Orwell; **Un mundo feliz** de Aldous Huxley ou **Fahrenheit 451** de Ray Bradbury.